

# Pacto Territorial de Emprego Costa da Morte

## Análise DAFO

Aprobado polo Comité de Dirección do Pacto Territorial de  
Emprego da Costa da Morte o 10 de marzo de 2009

PACTO TERRITORIAL DE  
EMPREGO DA COSTA DA MORTE

  
Unidades de Promoción e Desenvolvemento

  
XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
Dirección Xeral de  
Promoción do Emprego

  
UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

# Territorio e infraestruturas

## ANÁLISE INTERNA

### DEBILIDADES

- D1. Rede de infraestruturas deficitarias:** viarias, enerxéticas, portuarias (portos con pouco calado), telecomunicacións... Ausencia do ferrocarril e de nodos de transporte.
- D2. Deficiente rede de transporte público que dificulta a mobilidade laboral e o acceso aos servizos** (sanitarios, sociais, administrativos,...).
- D3. Deterioro do entorno.** Tradicionalmente deuse unha escasa atención polos temas medioambientais.
- D4. Deficiente ordenación territorial.** Necesidade dunha maior planificación dos usos do solo, tanto para temas produtivos coma para cuestións de índole urbanística.
- D5. Situación periférica do territorio.** A Costa da Morte é unha das poucas zonas da costa atlántica galega que non pertence ao denominado Eixo Atlántico, o polo de desenvolvemento máis importante de Galicia
- D6. Rede de infraestruturas de atención á infancia e dependencia non adaptadas á realidade demográfica do pacto.**

## ANÁLISE EXTERNA

### AMEAZAS

- A1. A presión urbanística sobre zonas de especial interese paisaxístico.** A maioría dos concellos teñen sen aprobar o Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- A2. Insuficiente regulación medioambiental que garanta o tráfico marítimo seguro e evite catástrofes naturais.** O territorio da Costa da Morte ten sufrido importantes desastres naturais provocados pola mala acción do home, como os lumes, as inundacións e as mareas negras.

# Territorio e infraestruturas

## ANÁLISE INTERNA

### FORTALEZAS

- F1. Abundancia de recursos monumentais, culturais, naturais e paisaxísticos.**
- F2. Riqueza de recursos enerxéticos.** Galicia é unha potencia europea no referente á enerxía eólica e a Costa da Morte é unha das zonas da comunidade con maior concentración de parques. Así mesmo, tamén é significativa a produción hidroeléctrica.
- F3. Infraestruturas portuarias.** O corredor de Fisterra é unha das canles de tráfico marítimo máis importantes a nivel mundial e o porto de Brens é a maior instalación portuaria de titularidade autonómica.
- F4. Amplo territorio (unha cuarta parte do da provincia da Coruña) e extensa lonxitude de costa (máis de trescentos quilómetros).**
- F5. Clima axeitado para as producións do sector primario**

## ANÁLISE EXTERNA

### OPORTUNIDADES

- O1. A difusión entre a poboación dos servizos prestados pola Administración Autonómica a través dos concellos (portelo único, PIC, terminais telemáticas do SPEG,...)**
- O2. Creación de reservas mariñas como a dos Miñarzos, en Lira (Carnota).**
- O3. O porto exterior de Punta Langosteira, a ampliación do porto de Brens e a mellora das infraestruturas viarias.**
- O5. Desenvolvemento das TIC.**
- O6. Asentamento de empresas chegadas de áreas próximas máis desenvolvidas (Arteixo ou A Coruña), no caso de que se melloren as infraestruturas.**

# Estructura Sociodemográfica

## ANÁLISE INTERNA

### DEBILIDADES

- D1. Deterioro da estrutura poboacional.** Estructura demográfica con baixos índices de natalidade e elevados índices de dependencia e avellentamento.
- D2. Perda constante de poboación, máis agravada no rural.** Dende o ano 2000 a perda de poboación no territorio do Pacto foi dun 4,4%, pero algún concello superou o 15%.
- D3. Baixa densidade de poboación e dispersión dos núcleos rurais.** O Pacto ten aproximadamente a metade de densidade de poboación que a provincia da Coruña e tamén é bastante inferior á media galega.
- D4. Saldo migratorio flutuante.** Uns anos positivo e outros negativo, o que impide a planificación de medidas concretas.
- D5. O índice de recambio da poboación activa non está garantido.** O índice no ano 2008 é de 119,68 o que demostra que non temos a capacidade necesaria para substituír ás persoas que se van xubilando.

## ANÁLISE EXTERNA

### AMEAZAS

- A1. Atracción da poboación cara a outras zonas con maiores posibilidades de emprego.** A falta de postos de traballo na zona, fai que a xente en idade de traballar se desprace a núcleos máis desenvolvidos economicamente, e que lles ofrecen unhas mellores condicións de vida, o que provoca unha perda de poboación importante no territorio do Pacto.
- A2. Emigración da xuventude cara a outras comunidades autónomas,** coa conseguinte perda do capital humano máis formado e a redución da poboación en idade de traballar.
- A3. A perda de poboación pode significar unha merma dos ingresos provenientes das administracións (Estado e Comunidades Autónomas)**

# Estructura Sociodemográfica

## ANÁLISE INTERNA

**F1.** Lixeiro aumento da taxa de natalidade en relación co ano 2000.

**F2.** No ano 2007 o número de inmigrantes que recibe o territorio do Pacto supera o número de emigrantes que o abandonan, polo que dá lugar a un **saldo migratorio positivo** en canto a migracións externas.

**F3.** Dentro do territorio do pacto hai **concellos que funcionan como foco de atracción de poboación**: Carballo, A Laracha e Cee.

FORTALEZAS

## ANÁLISE EXTERNA

**O1.** Medidas de apoio á natalidade e á dependencia das distintas administracións (estatal, autonómica e local). Dotación de servizos á comunidade que fagan atractivo vivir no rural.

**O2.** Retorno dos emigrantes debido á actual **crise económica**. Se o mercado laboral pode absorbelos aumentará a poboación en idade de traballar. As persoas retornadas tamén poden aportar a súa cualificación e experiencia.

**O3.** Redución do éxodo rural, debido á **eliminación da oferta de emprego nos territorios urbanos**. A xente será máis reacia a marchar se diminúen as oportunidades de emprego nas zonas que funcionaron até agora como polos de atracción.

OPORTUNIDADES

# Estrutura Productiva

## ANÁLISE INTERNA

### DEBILIDADES

- D1. Pequena dimensión empresarial.** As empresas caracterízanse por seren de pequeno tamaño e predominan aquelas que teñen entre 0 e 2 traballadores, o que as leva a teren unha capacidade de inversión limitada. Por outra banda existe unha escasa implantación de empresas de economía social.
- D2. Baixa profesionalización dunha parte das empresas.** A baixa cualificación dunha parte do empresariado empresarial pode constituir un dos principais obstáculos para o crecemento e mellora competitiva das empresas, así como para a implantación dunha nova cultura empresarial.
- D3. Escaseza de RRHH cualificados e pouco atractivo de salarios.** Dificultade por parte das empresas dalgúns sectores como o das novas tecnoloxías da información ou a hostalaría á hora de atopar man de obra especializada.
- D4. Escasa colaboración, cooperación e coordinación institucional e empresarial intermunicipal.** O localismo impide obter un aproveitamento idóneo dos recursos comarcais que permitiría unha redución de custos, e niveis de eficacia e eficiencia.
- D5. Falta de adaptación á realidade e aos novos mercados e non aposta por I+D+i.**
- D6. Falta de solo industrial a prezos competitivos e a inexistencia de axudas específicas para a adquisición dos terreos.** Iso unido a que os parques empresariais son de pequeno tamaño e en moitos concellos, dá lugar a unha grande dispersión empresarial.
- D7. Baixa renda dispoñible das familias.** A renda da cal dispoñen as familias para facer fronte ó consumo é reducida, o cal provoca unha diminución da demanda ás empresas.
- D8. Producción orientada ao comercio interior** o que limita o volume de exportacións e a entrada de novos clientes potenciais.
- D9. Falta de transformación, comercialización e posta en valor dos produtos agrogandeiros e do mar.**
- D10. Diminución da Superficie Agraria Utilizada (SAU).** Presión da rede urbana sobre o solo agrario, o que leva a unha diminución da superficie cultivada.
- D11. Redución das vendas nas lonxas locais.** Cada vez máis, as embarcacións do territorio do Pacto, apostan por facer a venda dos seus produtos nas lonxas ás que concorren máis compradores.
- D12. Excesiva dependencia do sector da construción.** Nestes momentos, esta característica fai que nos prexudique debido á crise que está a vivir este sector.
- D13. Pequena dimensión dos establecementos hostaleiros.** Sector turístico con baixo nivel de especialización e profesionalización. Pouca oferta de servizos complementarios ao turismo.
- D14. Escaso desenvolvemento do sector servizos.** Sector terciario tradicional centrado no pequeno comercio non especializado e o transporte.
- D15. Existencia de economía somerxida en diversos sectores,** que distorsiona o mercado e supón competencia desleal.

# Estrutura Productiva

## ANÁLISE EXTERNA

- A1. Falta de coordinación e eficiencia nas políticas públicas orientadas ao sector empresarial.**
- A2. Crise económico-financeira actual.** Pesimismo xeralizado sobre a situación económica actual que fai que se limite o acceso ás liñas de créditos freando o proceso produtivo das empresas. A crise tamén pode afectar negativamente na demanda de servizos que non son de primeira necesidade e de xeito moi significativo na demanda turística.
- A3. Crise do sector da construción** que afecta a máis da cuarta parte das empresas da comarca, con escasa capacidade de reacción.
- A4. Situación xeográfica do territorio.** Afastamento dos principais eixes loxísticos e de comunicacións, tanto a nivel da comunidade, coma do país, coma da UE.
- A5. Competencia exterior no sector pesqueiro** (unido á sobreexplotación dos bancos pesqueiros) **e agrogandeiro dadas as importacións doutras especies e produtos.** Moitas das empresas do sector primario atópanse a niveis mínimos de rendibilidade, o que lle impide facer investimentos para conseguir unha boa posición futura e buscar alternativas viables.
- A6. O carácter cíclico da economía primaria** pode xerar maiores distorsións nunha zona que depende da evolución deste sector, dado o tamaño reducido do resto.
- A7. Aumento da competencia como consecuencia da ampliación da Unión Europea.** As novas incorporacións de países a UE supoñen unha nova competencia para os produtos locais.
- A8. O fenómeno da deslocalización de empresas (téxtil, etc.).** Proceso de deslocalización en certos sectores cunha presenza moi importante no Pacto como poden ser o téxtil e a conserva.
- A9. Diminución da poboación entre o ano 2000 e o 2008, o que ten un efecto negativo na economía ó reducirse a demanda.** A redución da poboación no territorio do Pacto, fai que as empresas vexan reducidas as posibilidades de vendas dos seus produtos.
- A10. Competencia con outras zonas turísticas próximas (Rías Altas, Rías Baixas).** A competencia creada entre as distintas zonas turísticas que pola súa posición territorial teñen unhas mellores condicións climatolóxicas que as do Pacto.

AMEAZAS

# Estrutura Productiva

## ANÁLISE INTERNA

### FORTALEZAS

- F1. O entorno xeográfico e as súas características medioambientais.** A zona costeira na que nos atopamos supón unha fonte de riqueza pesqueira, ademais de ter a posibilidade de contar con portos deportivos, lonxas, etc... Tamén debemos destacar que o chan e o clima son propicios para o sector da agrario – gandeiro. A riqueza paisaxística natural e cultural é un potencial para o sector turístico, posibilitando a creación de rutas turísticas alternativas que superen a estacionalidade do sector; por exemplo, as escapadas de fin de semana, turismo rural, etc.
- F2. Sector primario pouco explotado.** Permite un amplo abano de posibilidades de desenvolvemento, tanto no agro, no monte e no mar, poñendo en valor a produción natural e ecolóxica, e incluíndo o turismo nestas actividades. (turismo activo e de aventura, náutico – pesqueiro, náutico – deportivo).
- F3. Feiras e mercados tradicionais.** A existencia aínda na actualidade destes eventos con unha forte tradición e sona, posibilitan a creación de canles directas entre o produtor e o consumidor, eliminando así ó intermediario, o que supón unha redución de custos.
- F4. A existencia de produtos de recoñecido prestixio.** O territorio do Pacto destaca polo amplo abano de artesanía como pode ser o encaixe de Camariñas, a olería de Buño, o liño de Zas; en canto a produtos agrarios e do mar, podemos mencionar a pataca de Coristanco, o longueirón de Fisterra, o percebe do Roncudo, o polbo de Muxía e o pan de Carballo
- F5. Existencia de superficie agraria útil e un número importante de comunidades veciñais de montes en mancomún .** A cantidade de SAU e o clima favorece ao sector e ao desenvolvemento de novas actividades que poden contribuir á modernización do mesmo.
- F6. Imaxe de marca de calidade “Costa da Morte”.** A zona da Costa da Morte, comeza a ser recoñecida no exterior, representando unha imaxe de exotismo, turismo virxe e de calidade no referente ó produto gastronómico, cultural e paisaxístico.
- F7. Ampla oferta de establecementos de turismo rural.** Nos últimos anos, incrementouse a oferta de prazas no sector turístico, tanto en hoteis como en establecementos de turismo rural.
- F8. Asociacionismo empresarial.** A unión entre as empresas do sector turístico, favorece o lanzamento de campañas publicitarias atractivas co fin de captar fluxos de compra doutras poboacións, así como a creación de paquetes turísticos co fin de eliminar a estacionalidade.
- F9. Implicación das administracións na mellora do entorno socioeconómico** (GAC, GDR, Consorcio de turismo, Neria, ...).

# Estrutura Productiva

## ANÁLISE EXTERNA

- 01. Liñas de financiamento a empresas.** As axudas á creación de empresas supoñen unha axuda importante aos novos emprendedores tanto no aspecto económico coma no de asesoramento.
- 02. Mellora das infraestruturas de comunicación internas.** As potenciais novas redes de comunicación poden favorecer o desenvolvemento da comarca, sempre que exista un axeitado plan de transportes. A proximidade do porto exterior de Punta Langosteira, a ampliación do porto de Brens e a construción da vía de alta capacidade (Carballo-Berdoias-Cee) pode favorecer o desenvolvemento do sector empresarial. Contar cun elevado número de portos pesqueiros situados de forma estratéxica nas rutas navieiras pode relanzar o comercio por vía marítima.
- 03. Ampla oferta de chan industrial.** A ampliación do chan empresarial pode actuar como foco de atracción e consolidación de empresas no territorio do Pacto. Posibilitar novas formas de acceso ao chan industrial como pode ser o alugueiro.
- 04. Impulsar o asentamento de industrias asociadas á materia prima,** como é o caso do silicio e a empresa Ferroatlántica na Costa da Morte, e desta forma poder exportar produtos elaborados co ferrosilicio aparte da mesma materia prima.
- 05. Aposta polas enerxías renovables e as novas tecnoloxías no territorio do Pacto.**
- 06. Dinamización do rural e modernización do sector agrario.** Valorización dos produtos a través da súa transformación e aproveitamento das novas oportunidades que supoñen as concentracións parcelarias, o banco de terras...
- 07. Especialización do sector pesqueiro e transformación das especies mariñas, dando valor engadido as mesmas.** Orientación da industria conserveira a produtos de calidade. Desenvolvemento de servizos e industrias anexos ao sector da pesca..
- 08. Especialización do sector turístico orientado ao turismo rural e cultural.** Fomento das actividades náutico – pesqueiras. O escaso grao de saturación turística na zona da Costa da Morte, permite ofertar un turismo de calidade vinculado á natureza, á tranquilidade, á cultura, á gastronomía....
- 09. Apoio institucional á creación do Consorcio de Turismo,** como continuidade do Plan de Dinamización Turística.
- 010. Existencia de programas comunitarios para o desenvolvemento do territorio.** Os fondos comunitarios, favorecen a creación de diversos plans que permiten mellorar a situación na que se atopa a zona do Pacto, como poden ser o Consorcio de Turismo, o Pacto de Emprego, o proxecto Leader, os GAC, os GDR, ...

OPORTUNIDADES

# Mercado Laboral

## ANÁLISE INTERNA

### DEBILIDADES

- D1. Maior dependencia do sector da construción.** Temos maior porcentaxe de afiliados neste sector que Galicia. No ano 2008 un 20% no territorio do Pacto, fronte a un 12% en Galicia.
- D2. Feminización do paro.** Temos similares porcentaxes de paro rexistrado por sexos ca Galicia, tamén de longa duración, pero un maior índice de paro rexistrado nas mulleres do Pacto.
- D3. Menor proporción de afiliados que en Galicia.** En Galicia hai da orde de 58 afiliados por cada 100 persoas en idade de traballar (4 máis que na Costa da Morte).
- D4. Baixo nivel de asalariados en xeral.** Os traballadores por conta allea en Galicia representan o 73%, mentres que na Costa da Morte só o 52%.
- D5. Estacionalidade de determinados sectores** (industria alimentaria, administración pública, hostalería).
- D6. Temporalidade no emprego.** Aumentan as contratacións pero non diminúe o paro.
- D7. Escasa capacidade de contratación do sector servizos.** Mentres que en Galicia 3 de cada 4 contratos pertencen a este sector, no Pacto apenas acadan a metade.
- D8. Elevada porcentaxe de paro de longa duración en relación con Galicia.**
- D9. Existencia de economía somerxida en diversos sectores.**

## ANÁLISE EXTERNA

### AMEAZAS

- A1. Crise económico-financeira mundial.** Que repercute en todos os sectores económicos e mesmo pon en perigo empresas rendibles.
- A2. Crise do sector inmobiliario e da construción.** Máis acusada en España que noutros países europeos.
- A3. Alta taxa de precariedade laboral e de desemprego.**
- A4. Alta temporalidade.** O sector servizos é un dos que máis paro rexistrado reflicte, estando suxeito a unha alta temporalidade en función da estacionalidade da demanda e a etapa do ciclo económico no que nos atopemos.
- A5. Baixa retribución salarial.** Os salarios baixos poden provocar o éxodo da poboación traballadora cara a outros territorios.
- A6. Minifundismo empresarial.** O feito de que o mercado laboral do Pacto estea constituído por empresas de pequeno tamaño, incide na falta de ofertas de traballo para perfiles máis especializados.
- A7. Escasa capacidade de absorción da man de obra retornada.** Debido á crise económica a capacidade de absorción da man de obra, que antes emigrara a outras zonas buscando unhas mellores posibilidades económicas, é escasa.

# Mercado Laboral

## ANÁLISE INTERNA

### FORTALEZAS

- F1. Existencia de subsectores que empregan sobre todo man de obra feminina.** Por exemplo o téxtil, a industria alimentaria ou a hostalaría.
- F2. Existencia de novos viveiros de emprego sen explotar.** Falta de desenvolvemento das actividades consideradas como novos filóns de emprego que poden incidir positivamente na economía da zona.
- F3. Maior refuxio de emprego no sector primario que Galicia.** No pacto hai un 19% de persoas afiliados no sector primario fronte a un 8% en Galicia.
- F4. Nos menores de 25 anos a taxa de paro rexistrado é inferior á galega, con case dous puntos menos.**
- F.5 Espírito emprendedor.** En termos comparados o Pacto ten unha porcentaxe maior de autónomos que Galicia.
- F6. Existencia de profesionais formados en temas de formación e emprego.** Case a totalidade dos concellos contan cuns técnicos especializados en temas de formación e emprego.

## ANÁLISE EXTERNA

### OPORTUNIDADES

- O1. As liñas de axuda á promoción do emprego desde as administracións públicas** (Consellería de Traballo, IGAPE,...)
- O2. Retorno de capital humano,** que enriquece o mercado laboral. As persoas retornadas poden aportar a súa cualificación e experiencia.
- O.3 Oportunidades de emprego.** Existen oportunidades de emprego ligadas aos novos viveiros de emprego e a implantación da Lei de dependencia. Ao mesmo tempo, a estrutura madura da pirámide poboacional do Pacto, provoca a aparición dun novo sector centrado na atención e coidado das persoas maiores.
- O.4 Impulsar o emprego feminino.** A ocupación da poboación feminina leva asociado un aumento na demanda de servizos que favorece a creación de novos postos de traballo neste sector.
- O.5 Formación ocupacional.** Incidir na formación ocupacional, tanto inicial como continua, en sectores con mellores perspectivas de emprego, favorece a ocupabilidade da poboación traballadora (ocupada e desempregada), e tamén a produtividade das empresas.

# Formación e Orientación Laboral

## ANÁLISE INTERNA

### DEBILIDADES

- D1. Desaxuste entre a formación profesional ocupacional ofertada e as necesidades da zona.** Algúns dos sectores con máis actividade carecen de formación e de centros homologados onde poder impartila (ex. Hostalaría). Pola contra, hai sectores en declive ou con escasa inserción cun exceso de oferta formativa. A formación ocupacional é cada vez máis estática
- D2. descoordinación da formación regradada e ocupacional.** Falta de planificación e repetición das mesmas especialidades en todas as comarcas.
- D3. Escasa formación empresarial dunha parte dos xestores das empresas.** Desinterese do sector empresarial tradicional pola formación continua. Cando o autoemprego se converte na única saída laboral pode non haber unha cualificación suficiente.
- D4. Menos da metade das especialidades formativas homologadas son de interese.** Ademais, hai especialidades homologadas en diversos centros que non son de interese en ningunha comarca. Das nove especialidades que son de interese en todas as comarcas do territorio do Pacto, só dúas están homologadas (unha nunha soa comarca e outra en dúas)
- D5. Falta de abano de especialidades nos programas mixtos de formación e emprego.** Máis da metade das especialidades impartidas nos Obradoiros de Emprego e Escolas Obradoiro son do sector da construción, e coas especialidades de xardinaría e carpintería suman máis do 90%.
- D6. Dificultades para realizar cursos específicos en diversos sectores no territorio.** Ex: mar, agro e monte.
- D7. Falta de busca activa de emprego por parte dos colectivos en situación de desemprego.** As persoas que desenvolven os servizos de orientación laboral constatan que, moitas veces, as persoas desempregadas non realizan unha busca de traballo real, se non que se amosan pasivas ou esperan que os distintos profesionais deste sector lles presenten as ofertas.
- D8. Falta de compromiso por parte dos usuarios dos IPI's.** Maior interese pola axuda económica que realmente pola formación para o emprego.
- D9. Certo desinterese pola formación se non é a cambio dunha remuneración económica.** Este desinterese dáse sobre todo canto menor é a cualificación profesional.
- D10. Inestabilidade da rede de orientación laboral.** En gran parte dos concellos os orientadores/as contrátanse en función da concesión das subvencións da Xunta o que fai que estes profesionais non estean contratados durante todo o ano.

# Formación e Orientación Laboral

## ANÁLISE EXTERNA

- A1. Perda dos fondos estruturais na barreira do 2013.** A maioría dos cursos fináncianse co FSE.
- A2. Inexistencia de oferta de formación regrada adaptada ás necesidades da zona.** Falla de planificación e repetición das mesmas especialidades en todas as comarcas dende hai moitos anos.
- A3. Dificultade da homologación dos centros de formación que imparten novos cursos axeitados para a zona.**
- A4. Temporalidade dos servizos de orientación.** (Inadecuación da duración do IPI coa duración do contrato de traballo do orientador.) A breve duración dos contratos das persoas que atenden estes servizos impiden que poidan atender a mais persoas e ademais supón que moitos IPIS se paren na metade da súa realización, ocasionando un cambio de profesional despois de un certo tempo ou simplemente que ninguén continúe con ese proceso. Por este motivo algunhas persoas non queren facer IPIS se non se lles asegura contar co mesmo profesional ata finalizalo.
- A5. Ralentización no proceso de posta en marcha do servizo.** En moitos casos, desde que o orientador/a é contratado/a ata que se lle carga a axenda transcorre unha media de 3 meses. Isto unido á tardanza na súa concesión e á brevidade dos contratos, orixina que algúns profesionais case non teñan tempo a realizar mais que 2-4 semanas de entrevistas.

AMEAZAS

# Formación e Orientación Laboral

## ANÁLISE INTERNA

### FORTALEZAS

- F1. Existencia de profesionais cualificados en formación e emprego.** AEDL, orientadores laborais,...
- F2. Novas iniciativas de formación que se están a desenvolver nalgúns concellos do Pacto.** (Fórum Carballo e Casa dos Oficios)
- F3. Achegamento da formación aos concellos a través de aulas móbiles.** En concreto no sector pesqueiro, a través de Salvacon, ofértanse cursos do sector náutico.
- F4. Infraestruturas formativas derivadas de programas de emprego.** Obradoiros de carpintaría en Camariñas e Santa Comba, infraestruturas de formación en hostalaría en Aldea Madeira, Casa dos Oficios de Carballo...
- F5. Multiplicidade de axentes que ofrecen formación.** Concellos, organizacións empresariais, sindicatos, confrarías, axencias comarcais agrarias,...
- F6. Máis interese polo servizo de orientación debido á situación de crise.** A situación actual que fai aínda máis precario o traballo supón que moitas persoas teñan máis interese por contar con tódalas axudas posibles para atopar emprego. Isto supón que os profesionais da orientación sexan demandados xa polas persoas desempregadas sen esperar a que lles chegue a cita enviada polo Servizo Público de Emprego.

## ANÁLISE EXTERNA

### OPORTUNIDADES

- O1. Fondos europeos até o 2013.**
- O2. Formación en sectores emerxentes.**
- O3. Aproveitamento dos novos sistemas de formación a distancia.** Facilita a posibilidade de realizar formación que non existe no territorio.
- O4. A promoción da formación continua.** Garante a adaptación técnica e a reciclaxe continua ás novas necesidades da economía.
- O5. Formación no sector primario.** Os novos programas europeos (fondo europeo de pesca e fondos leader), poden ser unha oportunidade para xente formada no sector agrogandeiro, forestal e do mar.
- O6. Políticas activas de emprego centradas na formación.** Escolas obradoiro, Obradoiros de Emprego, cursos FIP, de Formación Continua,...

# GRUPO DE TRABAJO

## GRUPO DE TRABAJO

### Técnicos que colaboraron na redacción da DAFO

- Paula Lema. Concello de Carballo
- M<sup>a</sup> Dolores Pena. Concello de Carnota
- José Ramón Varela. Concello de Malpica
- Isabel Muñoz. Concello de Muxía
- José María Salvador. Concello de Ponteceso
- Isabel Agra. Concello de Zas
- M<sup>a</sup> Luisa Pena. Oficina de Emprego de Carballo
- José Antonio Neira. CEC
- Ana Gende. AXOBER
- Pilar Rama. Asoc. Emp. Soneira
- Jorge García. CCOO
- Raquel Couto. CIG
- Manuel Varela. UXT

### Comisión Técnica do PTE Costa da Morte

- Anabel Piñeiro. Directora
- Margarita Vilela. Técnica de análise
- Daniel Oca. Técnico de emprendemento
- Jesús Noya. Técnico de orientación
- Victoria Rey. Administrativa